

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

Xunta directiva:

Presidenta: Amaya García
Vicepresidenta: Marta Castro
Tesoureiro: Francisco Torrado
Secretaria: Lupe Lema
Vogal: Verónica Sanchez
Vogal: Antía Zapata
Vogal: Juan Piñeirúa
Vogal: Moncho Bouzas
Vogal: Alejandro Calvo
Vogal: Joaquina Cordero
Vogal: Carlos Raña
Vogal: Carmen Crespo

Extracto da sesión celebrada pola asemblea extraordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Frc. Vales Villamarín o día 17 de xuño do 2016

Comeza a asemblea en segunda convocatoria ás 20:30 horas con 9 pais e nais presentes e os seguintes membros da xunta directiva: Amaya García, Moncho Bouzas, Antía Zapata, Alejandro Calvo, Verónica Sánchez, Joaquina Cordero e Lupe Lema. Según a orde do día o único punto a tratar e o seguinte:

Aprobación do modelo de xestión das actividades extraescolares

Explicamos os motivos que nos levaron inicialmente a trapasar a xestión ao Club Santo Domingo no 2014:

- Disponibilidade de tempo insuficiente.
- 10 actividades precisan dun nivel de traballo importante.
- Máis de 300 alumnos/as.
- Responsabilidade Civil da Xunta Directiva.

Motivacións actuais:

- O Club Santo Domingo non é unha empresa de xestión de actividades extraescolares e as carencias son importantes.
- Decidimos a finais do 2015 retomar a reivindicación que mantiñamos aberta no Concello e solicitamos que fora asumida a xestión por parte da administración local.
- En febreiro do 2016 levamos unha Moción Cidadá ao Pleno Municipal que foi aprobada por unanimidade.
- Ao remate de maio o Goberno Local comunícanos que non pode asumir a xestión das actividades extraescolares, consecuencia da entrada en vigor da ley “Montoro” no 2013
- Necesitamos certa solvencia na xestión das actividades

Alternativas que se nos presentan:

- Contratar a empresa “Oxígeno”.

ANPA BRIGANTIUM

Asociación de Nais e Pais do
CEIP Fco. Vales Villamarín
anpabrigantium@gmail.com

- Continuar co Club Santo Domingo: NON
- Retomar a xestión directa por parte da directiva da Anpa: NON, polos motivos descritos anteriormente.
- Concello? A día de hoxe non é viable. Asinarase no pleno unha Declaración Istitucional que compromete aos partidos políticos asinantes a levar a xestión das actividades en canto a lei o permita.

PROPOSTA PARA CONTRATAR A “OXÍGENO”:

- É unha empresa con moita experiencia no sector.
- Boas referencias facilitadas por outra anpas e administracións públicas.
- Recuperaríamos a calidade na xestión das actividades.
- Contratarían aos nosos monitores e monitoras.
- Contaríamos cun coordinador ou coordinadora no centro.
- Comunicación constante empresa-Anpa.
- Dispoñen de persoal suficiente para suplencias no caso de ser preciso.
- Respetarían a filosofía educativa das actividades.

Nova organización das actividades:

- Horario: de 16:00 a 18:00 horas. Accidentes cubertos polo seguro do colexio.
- Ofertar dúas actividades no centro de infantil de 16:00 a 17:00 horas
- Continuar coas actividades que xa se ofertan con posibilidade de ampliar con alguna outra non deportiva (Mínimo 12 alumnos/as por actividade)

Custo das actividades:

O custe total sería de 138.00 € anual por actividade. Sobre esta cantidade habería que repercutir a aportación que fai o Concello, 11.000 €, polo que o custe sería de 100€ por curso para familias socias e 125€ para as familias non socias. Seguimos conservando o prezo.

Apróbase esta proposta con 11 votos a favor e 3 abstencións.

Preguntas:

Pregúntase pola posibilidade de que algunha actividade sexa académica ou de reforzo educativo. Seguiremos na mesma liña que ata agora, sempre pensando en que as familias poidan conciliar e mantendo o carácter lúdico das actividades.

Preocupación polas condicións dos monitores/as: nosa prioridade é que a empresa conte con eles/as e que as condicións sexan o mellor posible.

Péchase a sesión ás 21:20 horas.